



XUNTA DE GALICIA

DELEGACIÓN TERRITORIAL DA
CORUÑA

Xefatura Territorial da Consellería
de Economía, Emprego e Industria

Vicente Ferrer, 2
15008 A Coruña
Tlf: 981184911-881881075
Web: ceei.xunta.gal

galicia



XUNTA
DE GALICIA

Saída 35807 / RX 1189104

REXISTRO DO EDIFICIO ADMINISTRATIVO DE A CORUÑA
A CORUÑA Data 07/09/2020 12:14:42



**Alcalde do Concello da Laracha
Praza do Concello, s/n
15145- A Laracha - A Coruña**

Expediente: IN407A 2019/172-1 (expropiacións)
Proxecto: Reforma LMT Braña Grande - San Román
Asunto: Convocatoria actas previas á ocupación
Promotora: Hidroeléctrica de Laracha S.L.

De conformidade co disposto no artigo 52 da Lei de expropiación forzosa e nos artigos 56 e 57 do seu Regulamento, para os efectos de realizar o acto de levantamento de actas previas á ocupación das fincas relacionadas no listado adxunto, afectadas polo procedemento expropiatorio de referencia, prégoles a súa comparecencia ou a do membro desa corporación no que delegue a súa representación neste acto concreto, que terá lugar o día 3 de novembro de 2020, a partir das 12:00 horas en adiante, nas oficinas da casa consistorial dese concello ou no local que se habilite co obxecto de redactar as ditas actas previas.

Así mesmo, solicítase a publicación no taboleiro oficial dese concello da resolución desta xefatura territorial da que agora se acompaña copia xunto coa relación de fincas afectadas.

Por último, e coa finalidade de levar confeccionadas as actas previas, prégoles que nos confirmen o nome e apelidos do alcalde/alcaldesa ou do membro desa corporación que acorden designar para intervir neste acto e asinar as referidas actas previas.

Informámoslles de que no desenvolvemento deste acto adoptaranse todas as medidas necesarias para garantir o distanciamento social entre as persoas. Igualmente, a entidade beneficiaria proporcionará mascarillas e xel hidro-alcohólico para todas aquelas persoas convocadas que o precisen.

A Coruña, 4 de setembro de 2020
O xefe de sección

Jesús Manuel Abad Bello





XUNTA DE GALICIA

DELEGACIÓN TERRITORIAL DA
CORUÑA

Xefatura Territorial da Consellería
de Economía, Emprego e Industria

Vicente Ferrer, 2
15008 A Coruña
Tlf: 981184911-881881075
Web: ceei.xunta.gal

galicia

Acordo do 3 de setembro de 2020 da Xefatura Territorial da Coruña, de levantamento das actas previas á ocupación de bens e dereitos afectados por unha instalación eléctrica, no concello da Laracha (expediente IN407A 2019/172-1).

Outorgada a declaración de utilidade pública que leva implícita a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados pola instalación eléctrica denominada reforma da LMT Braña Grande-San Román na Teixoeira, no concello da Laracha (expediente IN407A 2019/172-1), por resolución desta xefatura territorial, do 11 de agosto de 2020, a favor da entidade beneficiaria Hidroeléctrica de Laracha, SL, con enderezo en avenida de Arteixo, 19-1º dereita, 15004 – A Coruña

Esta xefatura territorial, de conformidade cos artigos 52 da Lei de expropiación forzosa, do 16 de decembro de 1954, e 56 do seu Regulamento, do 26 de Abril de 1957, acorda sinalar o día 3 de novembro de 2020, para o levantamento das actas previas á ocupación, nas que se describirán os bens ou dereitos expropiables e de imposición de servidume de paso de enerxía eléctrica, contidos na relación de fincas que se exporán xunto con esta resolución no taboleiro de edictos do concello da Laracha, deducida da que se someteu a información pública no DOG do 30.03.2020, no BOP do 10.03.2020 e no xornal *La Voz de Galicia* do 07.03.2020, acto ao que deberán concorrer as persoas propietarias ou titulares de dereitos sobre as fincas propostas como afectadas, ás que se lles practicará notificación individual sinalándoselles os horarios de toma de datos sobre o terreo e do levantamento efectivo das actas nas oficinas da casa consistorial do dito concello.

Cando as persoas propietarias ou titulares de dereitos sobre as fincas afectadas sexan descoñecidas ou se ignore o lugar de notificación, dirixiranse ao Ministerio Fiscal as dilixencias que se produzan destas, de conformidade co artigo 5 da Lei de expropiación forzosa. Neste caso, igualmente, publicárase un anuncio no taboleiro de edictos único (TEU) do *Boletín Oficial del Estado*.

A Coruña, 3 de setembro de 2020

Isidoro Martínez Arca

Xefe Territorial da Coruña



RELACIÓN DE PROPIETARIOS, BENS E DEREITOS AFECTADOS

PROYECTO: LMT BRAÑA GRANDE - SAN ROMÁN

EXPEDIENTE: IN407A 2019/172-1 (expropiacións)

ENTIDADE BENEFICIARIA: HIDROELÉCTRICA DE LARACHA, SL



CONCELLO: A LARACHA

PROVINCIA: A CORUÑA

FINCA AFECTADA				AFECCIÓN				LEVANTAMIENTO	
NÚM.	REF. CATASTRAL PARAXE	CONCELLO	PROPIETARIO	APOIO		VOO		ACTAS PREVIAS	
				NÚM.	SUPERF.	LONG.	SUPERF.	DATA	HORA

12	15042A076001650000KP Prados	A Laracha	Desconocido	1/2 5	1	35	516	03/11/2020	10:50
13	15042A076000530000KJ Prados	A Laracha	Desconocido	1/2 5	1	35	560	03/11/2020	10:55
15	15042A076000550000KS Riveiro	A Laracha	Leonardo Gómez Esmorís			41	672	03/11/2020	9:30
16	15042A076000560000KS Campo do Rilo	A Laracha	Desconocido			LAT	10	03/11/2020	11:00
17	15042A076000090000KO Marcelino	A Laracha	Desconocido			6	97	03/11/2020	11:05
18	15042A076000080000KM Marcelino	A Laracha	Desconocido			10	144	03/11/2020	11:10
20	15042A076000060000KT Marcelino	A Laracha	Desconocido	1/2 6	1	13	208	03/11/2020	11:15
21	15042A076000050000KL Marcelino	A Laracha	Leonardo Gómez Esmorís			22	352	03/11/2020	9:30
23	15042A076000030000KQ Marcelino	A Laracha	Jesús Luís Negreira Gomez			23	379	03/11/2020	9:45
25	15042A076000570000KU Campo do Rilo	A Laracha	Concello da Laracha			3	69	03/11/2020	10:45
29	15042A075090100000KZ Camiño sen nome	A Laracha	Desconocido			3	44	03/11/2020	11:20
31	15042A075000820000KZ Terreo do Rio	A Laracha	Antonio Coteló Calvelo			17	257	03/11/2020	10:30
33	15042A075000720000KR Terreo do Rio	A Laracha	De Vargas Arrendamientos y Promociones C.B			31	484	03/11/2020	10:00
34	15042A075000630000KL Carreiro	A Laracha	Desconocido			LAT	17	03/11/2020	11:25
35	15042A075000710000KK Mina	A Laracha	Antonio Coteló Calvelo	9	2	109	1744	03/11/2020	10:30
36	15042A075001030000KD Renciños	A Laracha	De Vargas Arrendamientos y Promociones C.B			56	869	03/11/2020	10:00
37	15042A075001040000KX Revoltas	A Laracha	Desconocido			LAT	27	03/11/2020	11:30
38	15042A075001060000KJ Braqueira	A Laracha	José Manuel Añón Pérez	10	10	28	331	03/11/2020	10:15

